


Castelao sempre

Con este título escomenzamos hoxe, no centenario do nacemento do **irmán Daniel**, unha nova sección que esperamos chegue este ano cada dúas ou tres semanas ás nosas páxinas, para axudarnos a coñecer unha miguña mellor a dimensión humana, artística e política deste verdadeiro símbolo da Galicia mais auténtica. Coñecer e aprender del, irnos empapando da súa pasión pola xusticia, pola liberación dos asoballados, polos dereitos dos que menos poden; irnos empapando da súa sensibilidade, da súa bondade; irnos empapando do seu amor a Galicia e os galegos.

Hoxe tragemos aquí uns debuxos do seu album "**Cincoenta homes por dez réas**", magníficos retratos, en poucas lineas, de diversos tipos humanos. Tamen un poema dun gran amigo seu e dos meirandes poetas galegos, Ramón Cabanillas.



O home que se alixo a que lle chamen ladrón



O home que deixou a tenda por ir ó Axuntamento



¿DE QUE MORTE MORREU A NOSA PRENDA?

Ramón Cabanillas

¡Irmán Daniel!

Na praia de Rianxo
caían como bágoas as estrelas,
espallaban teus aies derradeiros
bruantes ventos das andinas serras,
e ondas galgantes, en cramor, chegadas
da pratense ribeira,
contaban no areeiro que te foras
de seriedade pol-a plan vereda...
o camiño que nunca se desanda,
o vieiro sin fin...

Na noite pecha
entrei pinal adiante, medoñento,
a alma dun feitizo prisioneira.
Fungaban os ramallos un responso,
en velorio de honra ó teu relembro.
Ergueitas cara ó ceo as ponlas, era
cada pino un cruceiro,
labra xenial da túa man maestra,
e aquel forte e lanzal, que tempos idos
escoitou a tua prácida conversa
có sabidor e xurdio,
profundador de voces milagreiras,
inquiréu delorido, en desespero:
¿De qué morte morréu a nosa prenda?

Atravesoume o peito
un dór punxente e esguío de saieta
e dixelle a verdade crú, tinguindo
c'unha pinga de sangue cada verba:
¡Morréu do mal dos bós e xenerosos!
¡Morréu de amor a Terra!

Victorino Pérez

Castelao Sempre "NOS" (1)

"Eu non lle teño vocación de estupefaciente". Así lle contestaba o irmán Daniel a un deses homes que daquela e agora practican "el galleguismo bien entendido", cando lle recriminou que por qué pintaba cousas tan feas e tremendas, cando en Galicia hai cousas tan bonitas, "hermosos paisajes y lindas aldeanas". Os estupefacientes, como é sabido, serven para adormecer e acalar o dolor dos enfermos. E Castelao tiña moi claro que ata "o pesimismo pode ser libertador cando desperta carraxes e cobizas dunha vida máis limpa".

O longo deste ano de Castelao iremos falando en sucesivos números de IRIMIA, máis polo miúdo, do Castelao artista plástico que pintaba para "desacougar" os espíritos inertes para avivar a conciencia do seu pobo. O seu lápiz era unha verdadeira arma de liberación. Hoxe so invitar a ler o prólogo que el mesmo escribiu para o seu álbum de debuxos "Nós", publicado en 1931.

Victorino Pérez



"Este álbum de debuxos foi composto antr'os anos dezanais e dezaioito, cando Galiza s'esperguizaba d'un longo sono. Con este medio cento de debuxos intentei desacougar a todol-os licenciados da Universidade (amas de cría do caciquismo) a todol-os homes que vivían do favor oficial... As intencións eran nobles e o pesimismo aparente. Certo que a tristura d'estes debuxos queima com'as raxeira do sol que pasa por unha lupa; mais eu non quixen cantal -a ledicia das nosas festas, nin a fartura dos casamentos, sinón as tremendas angurias do decotio labrego e mariñeiro. Algúns espíritos sensibles que choram co-a melancolía dos tangos e dos fados, atoparon desmedida esta door das miñas estampas; ou-

tros espíritos inertes ollaron pouco patriotismo no afán de ser verdadeiro. Con todo, eu sigo coidando que o pesimismo pode ser libertador cando desperta carraxes e cobizas d'unha vida máis limpa. Cicáis hoxe atacase as nosas magoas c'un humor menos acedo; mais ninguén pode negarme que as vellas inxusticia siguen en pé: velahí porqué me arrisco a publicar esta obra. Ela foi amostrada en total-as cidades e vilas da Galiza e sirven de pretexto para "conferencias", que influiron no actual rexurdimento da galeguedade. E co-as chatas que ten eu gárdolle lei, quero espoñela de novo o xuízo de todos".
Galiza, 1931. Castelao

FICHAS DE NATURIEZA - O Mou - (Asio Otus)

4

Consultas; Seminario de Ciencias Naturais - Universidade Laboral - Ourense

EN GALEGO -

Mou

EN CASTELÁN

Buho chico

PESO

160 - 380 g

ENVERGADURA

85 - 100 cm

LONGO

35 - 39 cm

HABITAT

Fragas non moi espesas. Causen en soutos de castaños á beira dos ríos, aunque prefere os bosques de piñeiros.


PRESAS

Principalmente roedores (ratos, toupas, leiróns...) e paxaros diminuídos fisicamente.

SITUACIÓN EN GALICIA

Relativamente común.

Matilde Vázquez
Pablo Rodríguez ("Oitabén")
Primitivo Iglesias



Castelao Sempre

"NÓS" (2)

No número 220 trauíamos a esta páxina o prólogo do álbum "Nós", colección de debuxos de Castelao feitos entre os anos 1916-1918, e publicados en 1931.

Este álbum de debuxos consagrou a Castelao coma un mestre da caricatura e o debuxo, e como



A verdade

un artista xenial. Con poucos recursos técnicos -que varían de simples liñas a debuxos máis valorados- Castelao sabe expresar, como nunca se fixera ata daquela, a alma do pobo galego, especialmente das clases máis populares. Unha obra de ironía e dor, de sátira mordaz e solidariedade coa dor dos asoballados, ó mesmo tempo que unha rebeldía contra do inxusto orde establecido. Liñas, luces e sombras, están o servizo dunha realidade a cotío desfigurada e "suavizada" polos "artistas do bonito"; o lápiz, a pluma e os pinceis do artista están neste caso ó servizo da verdade, fondamente sentida, e convírtense en arma subversiva e instrumento de rebelión.

Con xenialidade e mestría vai desfilando todo o repertorio da vida social galega daquel tempo -en moitos aspectos aínda real



hoxe-: o caciquismo e a emigración, a escola, a política, a opresión da "xusticia", a lingua, o campo e o mar,... Os marxidados ocupan lugar privilexiado, especialmente os cegos -"os meus amigos", como lles chamaba Daniel-

En 1919, cando estes debuxos percorrían as principais vilas e cidades de Galicia, un intelectual galego, Xoan V. Viqueira, comentou: "Castelao, o primeiro entre os pintores nosos, chegou ó fondo da nosa alma e soubo darlle o contorno que lle facía falla".

Victorino Pérez

FICHAS DE NATUREZA - O Moucho Común -

(Athene noctua)

Matilde Vázquez
Pablo Rodríguez ("Oitabén")
Primitivo Iglesias

EN GALEGO

Moucho común

EN CASTELÁN

Mochuelo común

PESO -

125 - 200 g

ENVERGADURA

57 - 64 cm

LONGO

21 - 27 cm

HABITA

En tempos diversos, aínda que evita as fragas espesas e o interior das cidades. Máis abundante en zonas de cultivo con árbores


PRESAS

Insectos, tanto no chan coma no ar. Tamén pequenos mamíferos (ratos, toupeiras...) e paxariños enfermos

SITUACIÓN EN GALICIA

Mor común.

Non emigra.




Castelao sempre

"Cincoenta homes por dez réas" (1931)

É indubidablemente unha das maiores aportacións á caricatura, en canto esculca do ser humano para reflexar en poucas liñas non só o que se ve, senón tamén o que está detrás, a realidade máis auténtica do individuo. "Cincoenta homes por dez réas" é unha maxistral interpretación psicolóxica e plástica de diversos tipos humanos, verdadeiros arquetipos sociais, e por eso universais, ademais de concretos; na mellor liña non só do humor contemporáneo senon do debuxo, ao lado de Goya, Daumier e sobre todo os expresionistas alemáns e o grupo "Simplicissimus". Pero, ningún mellor que o mesmo Castelao para dicirno-lo que quixo expresar con estes debuxos. O prólogo a este libro, publicado o mesmo ano que o álbum "Nós" (1931) é unha das súas páxinas literarias máis fermosas, e ó mesmo tempo unha definición do seu arte.

"Cincoenta homes por dez réas. E qué homes!... Persoaxes de novela, todos eles. E se non custase vinte veces



O home rico en pesetas que regala céntimos pra ir ao Ceo.

mais editar un libro de mil follas, eu daría-vos mil homes polo mesmo diñeiro. Teño tantos!... Aínda me queda o home que sempre fai trinta e dúas xogando a trinta e unha, o home que traballa por non traballar...



Eu non sei se vos decataredes do valimento dos meus homes. Son abreviaturas, extractos, esencias, resúmenes. Son homes que podedes trocar en persoaxes de novela. E se vos peta darlle mais aquel ao voso xogo que ao meu talento, aínda podedes decir que os inventades.

Pra calificar os homes abonda un intre da súa vida, l eu colló intres da vida dos homes e non os califico, porque na calificación dos homes está o voso xogo.

Eu dígovos, por exemplo: -Un home escrupuloso olla que no seu vaso de viño afogáronse catro moscas, e pensa que se suicidaron por amolalo.

Vos podedes decir que é un parvo... l eu, entón volvo a decirvos:

— Un home chámalle **Pulex irritans** a unha simple pulga.

Vos podedes decir que este home é un sabio. E velahí..."

Victorino Pérez

FICHAS DE NATUREZA - O Falcón Borni - (Falco biarmicus)

16

Matilde Vázquez
Pablo Rodríguez ("Oitabén")
Primitivo Iglesias

EN GALEGO - Falcón borni

EN CASTELÁN - Halcón borni

PESO - 500 - 900 g


ENVERGADURA - 100 - 110 cm

LONGO - 42 - 49 cm

HABITA EN - Chairas áridas, estepas e desertos.

PRESAS - Principalmente aves, aínda que non rexeita pequenos mamíferos e insectos.

SITUACIÓN EN GALICIA - Extinto.



Castelao Sempre

OS ÁLBUNES DE GUERRA (1937-1938) (1)

Non poderei esquecer endexamáis o tremendo impacto que causaron en min a primeira vez que os vin. Foi tan forte que, imposibilitado de conseguilos ou fotocopialos, pois eran os anos en que Franco non nos deixaba ollar a obra dese "roxo separatista" de Castelao -a quen hoxe reverencian mesmo os exfranquistas de AP- copiei moitos deles a lápiz, copia que aínda conservo. Coa morte do dictador e a chegada da democracia, unha editorial de Madrid deunos a posibilidade de conseguilos, e hai anos que teño os tres como ouro en pano.

Refiróme a **Atila en Galicia, Galicia mártir e Milicianos**. Tres álbumes de debuxos que Castelao fixo, abraiado polo que vira e oíra nos primeiros momentos da Guerra Civil. Impresionantes verdadeiramente no que expresan e na maneira como o expresan. Vése que están feitos non so por un artista, senon tamen por un militante que sofríu na súa alma as dentelladas do



feixismo.

Trátase para min do cume da expresión plástica de Daniel, superior mesmo ó album **Nós**, do que tantas



gabanzas fixemos nesta páxina semanas atrás. So comparable -na técnica e expresividade- ós **Debuxos de negros** e algúns dos seus debuxos de **cegos**, que comentaremos noutra ocasión. De feito, estes tres álbumes son a obra máis universal de Castelao, citados ó lado da obra de Picasso por críticos de arte do seu tempo, tidos en París como precursores do "Realismo socialista"; e editados numerosas veces en Europa, América e ata a mesma China (coñecemos dúas edicións feitas en Shangai).

"Son o resume gráfico da Guerra Civil -escribe L. Seoane- constituíen o retrato das formas tebrosas que cegamente vexaban, mataban, e teñen asimesmo o ambiente épico que faltaba no arte galego".

Victorino Pérez

Consultas: Seminario de Ciencias Naturais - Universidade Laboral - Ourense

FICHAS DE NATUREZA Aves de rapina diurnas - Avutres, Aguia

20

e miñatos (II e III) - O AVUTRE LEONADO - (Gyps fulvus)

EN GALEGO: *Avutre leonado*

EN CASTELÁN: *Buitre leonado*

PESO: 6.500 - 8.200 g.

ENVERGADURA: 236 - 280 cm.


ENFUSO: 100 - 110 cm.

HABITA EN: *Cría en colonias sobre paredes rochosas ou precipicios. Tamen nos barrancos fluviais.*

ALIMENTACIÓN: *Cadáveres de animais grandes e medianos, así como algúns vexetais.*

SITUACIÓN EN GALICIA: *Moi raro.*

Matilde Vázquez
Pablo Rodríguez ("Oitabén")
Primitivo Iglesias



Castelao Sempre

OS ALBUNES DE GUERRA (2). "Galicia mártir" (1937)

Galicia mártir é o primeiro dos **Albunes de Guerra** (ver o anterior número de IRIMIA), publicado en Valencia en Febreiro de 1937. Del escribiu Rafael Dieste estas verbas cheas de emoción e patriotismo:

"*Outravolta érguese o espírito de Castela para xuntar as súas armas ás do pobo. As súas armas son verdades que entran polos ollos; o seu arte, un xeito de falar galego dibuxando. Mostrádelas a quen viva aínda en morna indiferencia. E si hai alguén que non desperte véndoas, é que ten xa o peito valdeiro debe ilo vendendo pouco a pouco*" ("Nova Galiza", Barcelona 20-IV-1937).

Un feito abondo expresivo do eco que acadaron os debuxos deste álbum, non so no estado español, senon tamén en todo o mundo, é que un dos debuxos, "A derradeira lección do mestre", presidiu -ampliado- un congreso de pedagogos de todo o mundo tido en París. Este debuxo, que reproducimos aquí, fai referencia, según comentan algúns, a Alexandre Bóveda, mártir cristián e galeguista, do que falaremos no próximo



A derradeira lección do mestre



número da nosa revista.

Son os debuxos deste álbum imaxes impresionantes; realistas e ó mesmo tempo fondamente expresionistas, reflexan mais aló dos feitos concretos ós que indubablemente fan referencia, o espírito revanchista e cruel que animou a guerra fratricida. A técnica empregada é lapis e aguada (tinta mesturada con auga), para conseguir delicados e realistas claroscuros. As lendas que acompañan a cada debuxo son elemento fundamental da expresividade artística deste, e como noutras ocasións forman parte da obra de arte.

Victorino Pérez

FICHAS DE NATUREZA - O avutre cincento

21

Matilde Vázquez

Pablo Rodríguez ("Oitabén")

Primitivo Iglesias

(*Aegypius monachus*)

(*Aegypius monachus*)

EN GALEGO - *Avutre cincento*

EN CASTELÁN - *Buitre negro.*

PESO 7'5 - 12'5 Kg.

ENVERGADURA 265 - 287 cm.

LONGO 102 - 105 cm.

HABITA EN: *Abas de montañas e serras cubertas de estau-me con árbores dispersas. coincidindo ás veces co avutre leonado.*

PRESAS: *Cadáveres en xeral. Pode rematar pequenos animais enfermos ou feridos.*

SITUACIÓN EN GALICIA *Extinto.*



Castelao Sempre

OS ALBUMES DE GUERRA (3). "Atila en Galicia" (1937)

O segundo dos **Albumes de Guerra** de Castelao foi publicado en Valencia en Xullo de 1937, á beira podemos ollala adicatoria de Castelao, verbas que quixeron ser proféticas pero que el non as vería facerse realidade. Ogallá nós si algun día. O Comité Nacional da C.N.T. (Central Nacional de Traballadores) encargouse da edición, engadindo unhas liñas na última páxina:

"*Todo se ha levantado sobre sangre. Y esta sangre derramada a raudales por los bárbaros que asolaron Galicia, que cubrieron de dolor y vergüenza sus prados floridos... es el lagar de amor y de odio donde se amasa una raza nueva. Campesinos, obreros, intelectuales... que caisteis bajo el galope del Caballo de Atila... Vuestro tormento no será estéril, vuestros hijos vivirán en un mundo más libre y más dichoso*".

As dez láminas deste álbum seguen o estilo do primeiro ("Galicia mártir"). Debuxos a tinta china mezclada con auga, sobre papel sepia, realistas, pero de fondo e dramático expresionismo. No número 237 reproducíamo-la impresionante lámina que leva por título "O paraíso feixista", tema que Castelao repetiu noutras



Pra que ergan o puño



ocasiões con pequenas variantes. Ollade agora estoutra, mais sobrecolledora aínda: "Pra que ergan o puño". Dous gardas civís sorrín con expresión sádica mentres sosteñen a un home desvanecido, a quen lle coutaron as máns. Castelao non se definiu nunca como comunista, pero recoñeceu o puño erguido coma un símbolo do pobo que loita polos seus dereitos asoballados, e así o reflexou en mais dunha ocasión.

Victorino Pérez

*Moitas veces os mártires
crean mundos que os
heróis nin tanquesa son
capaces de concebir. E
na miña Terra compárase
se a vontade dos mártires*

Castelao

Valencia, xullo de 1937

FICHAS DE NATUREZA - O avutre branco

(Neophron percnocterus)

Matilde Vázquez
Pablo Rodríguez ("Oitabén")
Primitivo Iglesias

22

Avutre branco

Alimoche

1.580-2.400 g.


145-165 cm.

58-70 cm.

Todo tipo de terreos con penedias e cantís.
Gústalle sobrevoar as terras de labor.

Preas, excrementos, bichos etc, pero en especial ovos.

Moi escaso actualmente.



OS ALBUMES DE GUERRA (4). "Milicianos" (1938)

"Milicianos", o terceiro último dos álbuns de Guerra, leva a data de edición de agosto de 1938, en Nova York; pero Paz Andrade comenta que puideron ser editados en Moscú, onde foron expostos por vez primeira con ocasión da viaxe que fixo Castelao en maio dese ano, enviado polo Goberno Republicano. A exposición fora un rotundo éxito, e os cadros de Castelao estiveron colgados á beira dos de Picasso.

A técnica e o estilo deste último álbum varia substancialmente do empregado nos dous álbums anteriores ("**Galicía mártir**" e "**Atlla en Galicia**"). Xa non utiliza o fondo sepia, nin o degradado suave dos grises a base de mezclarlle auga a tinta. Agora o estilo faise máis vigoroso, máis expresionista, a liña crébase desgarrada, os negros fanse máis intensos, e os debuxos tórnanse máis dramáticos, mesmo téticos. Mesmo o tema xa non é tanto Galicia, senon a traxedia da guerra que assolou toda España; mais que a realidade da retaguardia, aparece agora a realidade da loita no fronte, en primeira liña: a realidade do exército popular do que fala nas liñas introdutorias, feitas polo mesmo Castelao e que reproducimos tamén aquí.




-Baixade, cobardes!

—, Hajad, cobardes?

Descend Cowards!

Vede senón, a estampa do lado, na que un home cos ollos desorbitados defendese coa navalla, cando xa non lle queda outra arma.

Victorino Pérez



Estas estampas relembra os primeiros meses de guerra cando a heroica toleria do pobo contou a marcha dos militares e dounos tempo para crear o Exército da República.

Castelao

FICHAS DE NATUREZA - O cascaósos

23

Consultas: Seminario de Ciencias Naturais - Universidade Laboral - Ourense

Cascaosos

(*Gypaetus barbatus aureus*)

Matilde Vázquez
Pablo Rodríguez (Orlabén)
Primitivo Iglesias

ENIGLEGO

EN CASTELLAN

E26-5(1)

ENVIRONMENTAL

1438

HABITA EN: Paraxes de montaña
con alturas superiores ós
1.000 m.

Principalmente ósos.
También pode rouba-las cap-
turas doutras rapaces.

2. HILBERT SPACE NORMS AND $\mathcal{H}_\infty$ NORMS

Extinguido.




2. tab. 11

Castelao Sempre "COUSAS DA VIDA" (1)

Baixo este título comenzo a publicar Castelao en 1922, no xornal Galicia de Vigo, unha serie de debuxos que sen dúbida chegarían a ser o mais popular que saliu do lápiz do noso artista. Esta colaboración que iba na portada do devandito xornal, desaparecido este, pasaría logo a El Faro de Vigo e a outros xornais galegos. Pronto acadaría unha popularidade tal que chegou a converterse en dito popular a frase: "Sonche cousas da vida, por Castelao", cando acontecía un suceso que chamara a atención. Unha excelente escolma destes debuxos (publicados entre os anos 20 e 30) verían de novo a luz pública en seis tomos editados por Galaxia co mesmo título entre os anos 1968-71.

Estes debuxos con pe manifestástanos, ademais dun gran artista, un agudo escultador da realidade psicosocial e políticoeconómica do seu tempo e aínda da xenuína alma galega de sempre. Os debuxos, de simplísimas liñas algunhas veces, de cuidadoso traballo de pluma outras, e de buscado contraste de clarooscuro noutras láminas, expresan a altura da arte de Castelao: un artista versátil que dominaba o debuxo, o tempo que era un gran carica-



turista, de certos e sobrios trazos.

Como escultador da realidade cotiá, Castelao sabe ollala e analízala con agudeza crítica, fora dos tópicos que privaban no debuxo humorístico do seu tempo. Labregos e mariñeiros (menos os obreiros), por unha banda; a xente da vila, os profesionais liberais, os empregados e a bur-



guesia en xeral, por outra. Ou sexa, o mundo da cultura popular e o mundo da cultura "ilustrada", son os dous campos que aparecen reflexados nestas láminas, anque con fronteiras non demasiado remarcadas. Polo regular os primeiros falan galego e os segundos castelán, estes son os ricos e aqueles os pobres. A hostilidade mutua é unha constante de ambos grupos.

Esta é a obra cume do humorismo de Castelao, un humorismo que, anque seipa sacarnos ó sorriso mais dunha vez, non é o chiste gratuito, senon a expresión da mais xenuína faciana de Galicia, que fai vibrar as cordas da nosa sensibilidade e nos move á ternura.

Pero deixemos falar a estes debuxos, esta semán so cunha mostra que manifesta a clara toma de postura de Castelao a favor dos que menos poden. A semán que ven deixaremos falar mais ós debuxos.

Victorino Pérez Prieto

FICHAS DE NATUREZA - O Falcón Abelleiro

30

EN GALEGO Falcón abelleiro

EN CASTELÁN Halcón abejero.

PESO 500 - 1.100 g.

ENVERGADURA 119 - 127 cm.


LUNGO 50 - 58 cm.

HABITA EN Montes claros con caaveiras, na estación reproductora. Tamén frecuenta zonas de prados e cultivos.

PREZAS Abellas, averpás e outros insectos. Ocasionalmente roedores e aves. As veces come figos, uvas, tomates etc.

SITUACIÓN EN GALICIA Páreo Migrador. Chega en abril e lisca en agosto.

Matilde Vázquez
Pablo Rodríguez ("Oitabén")
Primitivo Iglesias



Castelao Sempre

"COUSAS DA VIDA" (2)



—Do xacemento que fíxo o meu pai e do meu avó, en Xarón.



—Do momento que fíxo o meu pai e do meu avó, en Xarón.



—Do momento que fíxo o meu pai e do meu avó, en Xarón.



—Do momento que fíxo o meu pai e do meu avó, en Xarón.



"Castelao deu lle perennidade artística á imaxe viva e verdadeira da Galicia que el contemplou, que el viviu, que el amou con mística entrega.

Como Rosalía nos seus poemas, Castelao soupo expresar nos seus dibuxos toda a inmensa magia da Galicia labrega e mariñeira, da Galicia traballadora e resignada... En Cousas da Vida vaiños amosando a face real da vida galega en toda a súa complexa diversidade: dende a inxenua curiosidade infantil á patética escuridade dos cegos; dende a abnegación feminina á dura opresión caciquil; dende a anguria certa da fame á incerta aventura da emigración; dende o triste medo á 'xusticia' á resignada aceptación da inxusticia.

(Do Epílogo de "Cousas da Vida", Galaxia 1968)

FICHAS DE NATUREZA - O Azor - (Accipiter gentilis)

31

EN GALEGO *Azor*

EN CASTELÁN *Azor*

PESO 660 - 1.250 g.

ENVERGADURA 99 - 119 cm.


LONGO 48 - 61 cm

HABITA EN: Bosques. frondosos... e grandes pinerais con claros, así como soutos... fluviais... e devesas pouco visitadas polo home.

PREZAS: Aves, tanto pequenas como grandes, lebrs, coellos, lagartos, ratas, toupas etc.

SITUACION EN GALICIA Freasente

Matilde Vázquez
Pablo Rodríguez ("Oitabén")
Primitivo Iglesias





Castelao Sempre

Un artista para un pobo

O longo do ano vimos celebrando desde esta páxina o **Centenario do Nacemento de Daniel R. Castelao**, convencidos de que a mellor maneira de celebrar a súa memoria era dando a coñecer a herdanza que nos deixou para tódolos galegos; herdanza que veu dada nos aspectos artísticos, literarios, políticos e humanos. Dividimos o traballo en dous campos: o **literario e político** (cos artigos que foron chegando da man de Manolo Díaz) e o **artístico-plástico**, que foi facendo o que isto escribe; ámbolos dous aspectos foron chegando alternativamente cada dúas semanas, combinando os comentarios cos textos e os debuxos de Castelao. Para os que coleccionan IRIMIA sen dúbida atoparán no conxunto unha iniciación suficiente á obra do irmán Daniel.

Hoxe rematamos a sección, facendo un balance da obra plástica de Castelao. O longo do ano fomos vendo o álbum "Nós", os "Álbumes de Guerra", "Cincoenta homes por dez réas" e "Cousas da vida"; réstannos obras tan xeniais como os "Debuxos de negros" e a súa monumental "As cruces de pedra na Galiza", que foi o seu testamento artístico.

Notas esenciais sobre a arte de Castelao

— Vida e obra fúndese intimamente. A obra plástica de Castelao expresa a súa visión e a súa postura ante a vida.

— O tema cáseque único na súa obra son os problemas da Galicia que ve e como pode axudar á soluciónalos. Daniel é un artista comprometido e social.

— Soupo interpretar a alma de Galicia máis aló do aspecto ex-

terno, sabendo captar as características gráficas do galego.

— A súa obra parece nacer da indignación moral contra a inxusticia que sofre o seu pobo. Por iso a expresión plástica está subordinada á súa postura moral: Castelao non busca o lucimento persoal senón o servicio ó pobo.

— A súa arte é realista (un realismo expresionista); unha arte obxectiva na que non hai lugar para caprichos e divagacións inúteis ou folclóricas.

— É unha arte total que entremezcla maravillosamente a plástica e a literatura de maneira verdadeiramente xenial.

— Non podemos esquecer finalmente que Castelao foi un gran caricaturista e un mestre da liña. Aínda que tamén foi un pintor frustrado, pero de fina sensibilidade para a cor.

A obra plástica de Castelao

— Numerosas caricaturas en diversos xornais e revistas desde o ano 1909, no que debutou en "Vida Gallega". Logo "El barbero municipal", "El liberal", "El sol", "El Noroeste..."; sobre todo "Galicia", "El Faro de Vigo" e a revista "Nós".

— Os xeniais debuxos de "Un ollo de vidro" (1922).

— Os debuxos que acompañan o texto de "Cousas" (1926-1929).

— O álbum de debuxos "Nós" (1931).

— O álbum de caricaturas "Cincoenta homes por dez réas" (1931).

— Os álbumes de guerra: "Atila en Galicia" (1937), "Galicia mártir" (1937) e "Milicianos" (1938).

— "Debuxos de negros", "Faunalia" "Os meus compañeiros", as súas derradeiras obras.

— Numerosas láminas a gouache e acuarela e algúns óleos.



Estes Debuxos de negros corresponden a unha colección de dez láminas feitas na Habana e en Nova York polos anos 38-39. Impresionantes debuxos a tinta, moi traballados e de gran forza expresiva; manifestan a simpatía de Castelao por tódolos marxidados da terra all onde estén, sexan blancos, mouros ou amarelos. Estes debuxos valéronlle a Castelao a presidencia da Sociedade Mundial de Negros.

Victorino Pérez